



REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO  
DE SAN CAETANO O DÍA DE 24 DE MAIO DE 2007,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.  
EMILIO PÉREZ TOURIÑO

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E  
XUSTIZA

- Decreto polo que se aproba o cambio de denominación do Colexio Oficial de Delineantes da Coruña, que pasa a denominarse Colexio Oficial de Delineantes Técnicos Superiores Proxectistas da Coruña
- Decreto polo que se aproba o escudo do Concello de Negueira de Muñiz (Lugo)
- Decreto polo que se aproba a bandeira do Concello do Barco de Valdeorras (Ourense)
- Decreto polo que se aproba a bandeira do Concello da Cañiza (Pontevedra)
- Decreto polo que se aproba o escudo do Concello da Cañiza (Pontevedra)

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E  
TRANSPORTES

- Decreto polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción de execución de glorieta no quilómetro 6 + 770 da Po-542 Ponte Bora (N-541)- O Pino (A Coruña) (N-550), intersección da Parda e Tomeza
- Decreto polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción do acondicionamento da estrada LU-701 A Fonsagrada (LU-530)- límite provincia de Asturias.



## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se establece o procedemento para autorizar permutas voluntarias de fincas rústicas, aos efectos de solicitar a exención do imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados

## ACORDOS

### CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, por medio da Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, e a Universidade de Santiago de Compostela para o apoio á investigación ecolóxica das especies de vibrión na costa do Perú e as súas implicacións ecolóxicas.
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Emigración e a Fundación Galicia Saúde para o desenvolvemento de dous programas de atención socio-sanitaria destinados ás persoas de orixe galego aos seus descendentes residentes en Bos Aires (Arxentina)

### CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo polo que se autoriza o gasto por unha contía de 6.036.984,06 euros para a obra de acondicionamento da estrada PO-401. Treito Filgueira-límite provincia de Ourense
- Acordo polo que se autoriza o gasto por unha contía de 7.374.240,30 euros para a obra rolda leste de Lugo Treito: cruzamento coa estrada n-640 a Ribadeo-cruzamento coa estrada LU-530 a Fonsagrada
- Acordo polo que se autoriza o gasto por unha contía de 5.000.177 euros para a obra autovía Ferrol-Vilalba. Treito: enlace casco urbano das Pontes-Cabreirós
- Acordo polo que se autoriza o gasto por unha contía de 5.788.116,26 euros para a obra de mellora da seguridade viaria na AC-841. Treito: Os Tilos-A Ramallosa



- Acordo de inicio do procedemento de elaboración e aprobación do Plan de Ordenación do Litoral, de conformidade co disposto no artigo 2.3 da Lei 6/2007 de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, en relación co artigo 14.1 da Lei 10/1995 de ordenación do territorio de Galicia
- Acordo polo que se declara, de conformidade co disposto no artigo 71.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo común a desestencia da solicitude de autorización autonómica formulada pola persoa citada ao amparo do establecido na disposición transitoria décimo segunda da vixente lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia para a regularización urbanística da explotación mineira "A.E. Borracheiro Nº 9 E Peña Bergan nº 56", localizado no termo municipal de Carballeda de Valdeorras
- Acordo polo que se declara, de conformidade co disposto no artigo 71.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo común a desestencia da solicitude de autorización autonómica formulada pola entidade citada ao amparo do establecido na disposición transitoria décimo segunda da vixente lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia para a regularización urbanística da explotación mineira "C.E. As Cuartas II nº 4280", localizado no termo municipal de Carballeda de Valdeorras
- Acordo polo que se declara, de conformidade co disposto no artigo 71.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo común a desestencia da solicitude de autorización autonómica formulada pola persoa citada, ao amparo do establecido na disposición transitoria décimo segunda da vixente lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia para a regularización urbanística da explotación mineira "C.E. Bety II nº 4590-1ª fracción e 4ª fracción", localizada no termo municipal do Barco de Valdeorras e Vilamartín de Valdeorras
- Acordo polo que se declara, de conformidade co disposto no artigo 71.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común a desestencia da solicitude de autorización autonómica formulada pola entidade citada, ao amparo do establecido na disposición transitoria décimo segunda da vixente lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia para a regularización urbanística da explotación mineira "C.E. Bety II nº 4590-1ª fracción e 4ª fracción", localizada no termo municipal de Lourenzá.



- Acordo polo que se declara, de conformidade co disposto no artigo 71.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo común a desestencia da solicitude de autorización autonómica formulada pola entidade citada amparo do establecido na disposición transitoria décimo segunda da vixente lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia para a regularización urbanística da explotación mineira “C.E. Oportuna 1.3 nº4086-1.3”, localizada no termo municipal de Carballeda de Valdeorras.
- Acordo polo que se declara, de conformidade co disposto no artigo 71.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo común a desestencia da solicitude de autorización autonómica formulada pola entidade citada ao amparo do establecido na disposición transitoria décimo segunda da vixente lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia para a regularización urbanística da explotación mineira “C.E. IRVE”, localizada no termo municipal de Samos.
- Acordo polo que se declara, de conformidade co disposto no artigo 71.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo común a desestencia da solicitude de autorización autonómica formulada pola entidade citada ao amparo do establecido na disposición transitoria décimo segunda da vixente lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia para a regularización urbanística da explotación mineira “A.E. la Devesa II”, localizada no termo municipal de Ribadeo.
- Acordo polo que se declara, de conformidade co disposto no artigo 71.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo común a desestencia da solicitude de autorización autonómica formulada pola entidade citada, ao amparo do establecido na disposición transitoria décimo segunda da vixente lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia para a regularización urbanística da explotación mineira “C.E. Lama I nº5856.2”, localizada no termo municipal do Incio.



- Acordo polo que se declara, de conformidade co disposto no artigo 71.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo común a desestencia da solicitude de autorización autonómica formulada pola persoa indicada, ao amparo do establecido na disposición transitoria décimo segunda da vixente lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia para a regularización urbanística da explotación mineira “A.E. Viladónega”, localizada no termo municipal de Guitiriz.
- Acordo polo que se declara, de conformidade co disposto no artigo 71.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo común a desestencia da solicitude de autorización autonómica formulada pola entidade indicada ao amparo do establecido na disposición transitoria décimo segunda da vixente lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia para a regularización urbanística da explotación mineira “A.E. Valdacal San Mateo nº 4359/71”, localizada no termo municipal de Carballeda de Valdeorras.
- Acordo polo que se declara, de conformidade co disposto no artigo 71.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo común a desestencia da solicitude de autorización autonómica formulada pola entidade indicada ao amparo do establecido na disposición transitoria décimo segunda da vixente lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia para a regularización urbanística da explotación mineira “C.E. Trasmonte nº 5642”, localizada no termo municipal de Oroso.
- Acordo polo que se declara, de conformidade co disposto no artigo 71.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo común a desestencia da solicitude de autorización autonómica formulada pola entidade indicada ao amparo do establecido na disposición transitoria décimo segunda da vixente lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia para a regularización urbanística da explotación mineira “A.E. La Perla”, localizada no termo municipal de Samos.



- Acordo polo que se declara, de conformidade co disposto no artigo 71.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo común a desestencia da solicitude de autorización autonómica formulada pola entidade citada ao amparo do establecido na disposición transitoria décimo segunda da vixente lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia para a regularización urbanística da explotación mineira "A.E. San Andrés y Ramón", localizada no termo municipal de Foz.
- Acordo polo que se declara, de conformidade co disposto no artigo 71.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo común a desestencia da solicitude de autorización autonómica formulada pola entidade indicada ao amparo do establecido na disposición transitoria décimo segunda da vixente lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia para a regularización urbanística da explotación mineira "C.E. Lorena I nº 4729.1", localizada no termo municipal da Gudiña.
- Acordo polo que se declara, de conformidade co disposto no artigo 71.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo común a desestencia da solicitude de autorización autonómica formulada pola entidade indicada ao amparo do establecido na disposición transitoria décimo segunda da vixente lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia para a regularización urbanística da explotación mineira "C.E. Oportuna I nº 4086.1-1", localizada no termo municipal de Carballeda de Valdeorras.
- Acordo polo que se declara, de conformidade co disposto no artigo 71.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento por Don Manuel Corzo Prieto, ao amparo do establecido na disposición transitoria décimo segunda da vixente lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia para a regularización urbanística da explotación mineira "C.E. Virxen do Carballal nº 4570.1", localizada no termo municipal de Carballeda de Valdeorras.
- Acordo polo que se declara, de conformidade co disposto no artigo 71.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento pola entidade indicada ao amparo do establecido na disposición transitoria décimo segunda da vixente lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia para a regularización urbanística da explotación mineira "C.E. Oportuna 1.4 Demasía nº 4086-1.4", localizada no termo municipal de Carballeda de Valdeorras.



- Acordo polo que se denega á entidade mercantil indicada titular da explotación mineira "C.E. Portavedra nº 2318", sita no termo municipal de Gondomar, a autorización previa á licenza municipal, prevista na disposición transitoria segunda da vixente Lei 9/2002, do 30 de decembro de 2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia
- Acordo polo que se outorga á entidade mercantil indicada titular da explotación mineira "C.E. Mouro, 2.928", localizada no termo municipal de Pontearreas, a autorización previa á licenza municipal, prevista na disposición transitoria décimo segunda da vixente Lei 9/2002, do 30 de decembro de 2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao convenio de colaboración entre o Ministerio de Educación e Ciencia e a Consellería de educación e Ordenación Universitaria para a mellora das bibliotecas escolares no ano 2007 e o compromiso plurianual que se deriva desta
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Lugo para a execución das obras de adecuación de insolacións deportivas no colexio de educación infantil e primaria das Mercedes

## CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e industria da Xunta de Galicia e Asociación Clúster do Naval Galego (ACLUNAGA), para o desenvolvemento de accións dirixidas a potenciar o sector da construción naval en Galicia.
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a Asociación Empresarial Clúster da Madeira de Galicia para o desenvolvemento de accións dirixidas a potenciar o conglomerado da madeira en Galicia
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria da Xunta e a Asociación de industrias metalúrxicas de Galicia (ASIME) para a realización de actuacións que contribúan ao desenvolvemento e mellora competitiva do sector metalúrxico galego



- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de innovación e industria e a Confederación de Empresarios de Hostalería de Galicia para a realización de diversas actuacións de promoción turística durante o ano 2007
- Acordo polo que se aproba definitivamente o proxecto sectorial gasoducto Mugardos-Betanzos-Abegondo-Sabón (tramos I e II) e ramal á C.C.C. de Meirama (concellos de Cabanas, Pontedeume, Vilarmajor, Miño, Paderne, Betanzos, Coirós, Oza dos Ríos, Abegondo, Carral, Cerceda, Culleredo e Arteixo) como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, aos efectos previstos na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia
- Acordo polo que se aproba definitivamente o proxecto sectorial do gasoducto Mugardos-As Pontes-Guitiriz e Ramal á C.C.C. das Pontes e instalacións auxiliares (concellos de Mugardos, Ares, Fene, Cabanas, A Capela e As Pontes) e Xeramde e Guitiriz, en Lugo, como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal aos efectos previstos na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se proba o Plan de Prevención e Defensa contra os incendios forestais de Galicia (PLADIGA)
- Acordo polo que se autoriza á Consellería do Medio Rural para a sinatura dun convenio de colaboración coa Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, a Deputación Provincial de Lugo e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización de traballos de acondicionamento e mellora do edificio A Granxa, para sede do Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural (IBADER)
- Acordo polo que se autoriza ao Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA) para a sinatura dun convenio de colaboración co Fondo Español de Garantía Agraria (FEGGA) e coa Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes para o cofinanciamento da realización da cobertura de fotografía aérea, ortofotografía dixital de alta resolución e modelo dixital do terreo para a renovación do sistema de información xeográfica de identificación das parcelas na Comunidade Autónoma de Galicia





## CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo de declaración de incidencia supramunicipal do proxecto sectorial para o “Complexo Hospitalario de Pontevedra”, conforme ao establecido no artigo 22.4 da lei 10/1995 de ordenación do territorio de Galicia
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Ministerio de Defensa, a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia e o Servizo Galego de Saúde para a execución do protocolo suscrito para regular o uso compartido civil militar do Hospital Básico da Defensa en Ferrol

## CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago e o Instituto Andaluz de Investigación e Formación Agraria, Pesqueira, Alimentaria e da Producción Ecolóxica para a realización do proxecto de investigación A Perkinsose no litoral español: caracterización de variantes taxonómicas do parasito, do seu ciclo de vida e da resposta inmunitaria do hospedador

## CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Confederación Hidrográfica do Douro, dependente do Ministerio de Medio Ambiente, e a Xunta de Galicia para o desenvolvemento das obras de restauración hidrolóxica e de protección e rexeneración de canles nas subcuncas hidrográficas do río Támega e outras subcuncas menores comprendidas no territorio da cunca hidrográfica do Douro en Galicia (termos municipais da Gudiña, Riós, Oimbra, Verín, Castrelo do Val, Laza e outros da provincia de Ourense)
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello da Guarda para a execución da obra “Mellora do abastecemento na bacía Galicia-Costa. Mellora do abastecemento de auga a Camposancos. A Guarda (Pontevedra)”, por importe de 192.904,95 euros
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Baiona para a execución da obra: “Actuacións de sanemento na bacía Galicia-Costa. Saneamento na parroquia de Baredo. Baiona (Pontevedra)” por importe de 278.124,35 euros



- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Neda para a execución da obra “Actuacións de saneamento na bacía Galicia-Costa. Ampliación do bombeo de saneamento desde a estación do ferrocarril ata a estación depuradora de augas residuais de Neda”, por importe de 100.968,56 euros
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre o organismo autónomo Augas de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización dun estudo de avaliación cuantitativa dos recursos hídricos subterráneos na Demarcación Hidrográfica Galicia Costa, por importe de 66.117,22 euros
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sustentable e o Concello de Santiago de Compostela para a ampliación e mellora do centro de recollida de animais vagabundos ou abandonados, por importe de 180.000 euros
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Neda para a execución da obra: “Actuacións de saneamento na bacía Galicia-Costa. Ramais da rede de augas residuais entre o puntal e a estación do ferrocarril de Neda”, por importe de 98.601,68 euros
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Bergondo para a execución da obra: “Actuacións de saneamento na Comunidade Autónoma. Colectores Xerais e estación depuradora de augas residuais en Gandarío. Bergondo (A Coruña)”, por importe de 3.028.309,08 euros
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Vimianzo para a execución da obra: “Actuacións de saneamento na bacía Galicia-Costa. Saneamento e abastecemento en Bañas e Cambeda. Vimianzo (A Coruña)”, por importe de 790.257,56 euros

## CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Acordo polo que se autoriza o inicio do procedemento de elaboración, redacción e aprobación do Plan Territorial Integrado do Val de Rabeda e so deo planeamento de desenvolvemento (proxectos sectoriais do campus industrial, situado en Paderne de Allariz e parque industrial de nova creación (Val de Rabeda-suroeste), situado en Taboadela.



## INFORMES

### CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra de reparación de deficiencias na rede de sumidoiros horizontal no edificio de 8 vivendas da urbanización de 40 vivendas de promoción pública da avenida de Pontevedra na Estrada.

## APROBADOS OS EMBLEMAS DA CAÑIZA, O ESCUDO DE NEGUEIRA DE MUÑIZ E A BANDEIRA DO BARCO DE VALDEORRAS

- Os decretos polos que se autorizan estes símbolos municipais foron aprobados hoxe polo Consello da Xunta

O Consello da Xunta aprobou os decretos polos que se aproban os símbolos da Cañiza (Pontevedra), o escudo de Negueira de Muñiz (Lugo) e a bandeira do Barco de Valdeorras (Ourense).

### Emblemas da Cañiza

O escudo da Cañiza queda conformado cun carballo de prata, sobre terreiro de sinople, follado e, froitado de nove landras de goles; bordoura xadrezado de goles e prata.

No que se refire á bandeira oficial, o concello considerou que o máis axeitado é dispoñer sobre o pano de verde, un franxa vertical de branco no terzo do centro e nesta un carballo de verde follado e froitado de nove landras de vermello.

### Escudo de Negueira de Muñiz

O escudo de Negueira de Muñiz estará organizado do seguinte xeito: en campo de sinople (verde) unha faxa ondada de prata e brochate dos sarmientos de ouro, foritados do mesmo, disposto en aspa. Ao timbre, coroa real pechada.

### Bandeira do Barco de Valdeorras

A bandeira do concello será un pano dividido en diagonal dende a parte alta da asta, abaixo de cor vermello e arriba, dividido en horizontal, un terzo de cor branca e baixo del dous terzos de cor azul celeste.



## APROBADO O CAMBIO DE DENOMINACIÓN DO COLEXIO OFICIAL DE DELINEANTES E TÉCNICOS SUPERIORES PROXECTISTAS DA CORUÑA

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se autoriza o cambio de denominación do Colexio Oficial de Delineantes da Coruña que pasa a chamarse Colexio Oficial de Delineantes e Técnicos Superiores Proxectistas da Coruña.

Este cambio obedece á modificación da titulación profesional, como consecuencia dos diversos cambios nos plans de estudos da formación profesional.



## INICIADOS OS TRÁMITES PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE MELLORA DA ESTRADA QUE UNE A FONSGRADA CO LÍMITE CON ASTURIAS, QUE CONTAN CUN ORZAMENTO DE 9,2 MILLÓNS DE EUROS

- O Consello da Xunta aprobou o decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de acondicionamento desta estrada
- As obras realizaranse nos 12,3 quilómetros de percorrido desta estrada de montaña

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de acondicionamento da estrada LU-701 que vai desde A Fonsagrada ata o límite das provincias de Lugo e Asturias, concretamente no núcleo do Acevo.

O orzamento total da Consellería de Política Territorial para estas obras acada os 9.242.000 euros, dos cales, case 1.768.000 euros se destinarán ao pagamento das expropiacións dos 176 predios afectados.

As obras realizaranse ao longo dos preto de 12,3 quilómetros de percorrido desta estrada de montaña que conta con determinados treitos con curvas pechadas e cunha elevada pendente.

Unha vez arranxada, a estrada pasará a ter dous carrís de 3,5 metros cada un deles e dúas beiravías de 0,50 metros, polo que o ancho total da plataforma será de 8 metros fronte aos 6 actuais.

Coa aprobación realizada hoxe no Consello da Xunta iníciense os trámites administrativos de expropiación de terreos. Posteriormente, a CPTOPT licitará a obra que, unha vez adxudicada, terá un prazo de execución de 15 meses.



## POLÍTICA TERRITORIAL REMODELARÁ CUNHA GLORIETA O CRUCE DA PO-542 EN PONTEVEDRA CARA Á PARDA E TOMEZA, NAS PROXIMIDADES DO NÓ DO PINO

- O Consello da Xunta declarou a utilidade pública e urxente ocupación dos terreos necesarios para realizar a obra, que ten un orzamento de 579.000 euros

O Consello da Xunta declarou hoxe a utilidade pública e a urxente ocupación dos terreos necesarios para a construción dunha glorieta no punto quilométrico 6,770 da PO-542 ponte de Bora-O Pino. A actuación supón un investimento de 579.000 euros, dos que 25.000 euros irán destinados ás expropiacións. Esta glorieta permitirá reordenar os tráxicos no cruce desta estrada autonómica coas estradas provinciais EP-002 cara a Tomeza e EP-0015 cara á Parada, nas proximidades do nó do Pino, no concello de Pontevedra. A glorieta permitirá mellorar a seguridade viaria e axilizar o tráfico nunha zona que rexistra frecuentes retencións.

A remodelación do cruce supón alargar un treito de 255 metros da estrada PO-542. Construirase unha glorieta central de 15 metros de diámetro, cun bordo de 1,65 metros, beiravía interior dun metro, dous carrís de circulación de catro metros, beiravía exterior dun metro e beirarrúa de dous metros. A obra requirirá da reposición da iluminación pública, das liñas eléctricas e telefónicas e do saneamento.

## A XUNTA ACORDA A ELIMINACIÓN DO IMPOSTO DE TRANSMISIÓNS PATRIMONIAIS DE FINCAS RÚSTICAS

- Esta normativa permitirá aos titulares que permuten as súas parcelas de xeito voluntario beneficiarensen da exención deste imposto, que supoñía o pagamento do 7% do valor do pedio
- Mediante este decreto, preténdese favorecer a reordenación das terras agrarias co fin de facilitar aos seus titulares o incremento da superficie útil para o seu mellor aproveitamento agrogandeiro e forestal.

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Decreto polo que se establece o procedemento para autorizar as permutas voluntarias de predios rústicos, para os efectos de solicitar a exención do imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados. Esta norma vai permitir que os titulares dos predios non teñan que tributar pola reordenación das terras como se se tratase dunha compravenda, ou o que é o mesmo, quedan exentos de pagar o 7% do valor do predio en concepto de imposto de transmisión patrimonial.

Para poder obter este beneficio fiscal, os propietarios que realicen as permutas deberán presentar unha solicitude ante a Consellería do Medio Rural e cumprir os seguintes requisitos: formalizar a permuta en escritura pública; realizar o cambio entre predios rústicos de semellante valor; manter as parcelas durante un período mínimo de cinco anos dedicadas a un uso agrario ou á edificación de instalacións asociadas á explotación agropecuaria, agás nos supostos de expropiación para a construción de infraestruturas públicas e que a realización da permuta favoreza a explotación das leiras obxecto do cambio.

No caso de que se trate de montes comunais, deberase presentar o certificado de estaren inscritos no Rexistro de Montes Veciñais en Man Común. Os beneficiarios poderán ser tanto persoas físicas como xurídicas e disporán do prazo dun mes, desde a sinatura da escritura pública, para presentar as solicitudes na Dirección Xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias, que será o órgano competente para a súa tramitación. Para comprobar o valor dos predios permutados empregárase a información emitida pola oficina catastral.

Mediante esta normativa, que se suma a outras da mesma natureza como a Lei do Banco de Terras, a Consellería do Medio Rural pretende mobilizar superficie agraria útil nestes intres infrutilizada e facilitarles aos agricultores e gandeiros galegos a ampliación da base territorial das súas explotacións e a redución de custos de produción.



## O GOBERNO GALEGO MELLORARÁ A PRESTACIÓN SANITARIA DOS GALEGOS RESIDENTES EN BOS AIRES QUE SE ATOPEN EN SITUACIÓN DE PRECARIIDADE

- Ao abeiro dun convenio, que será asinado por Emigración e a Fundación Galicia Saúde, articularanse unha serie de accións dirixidas á atención das necesidades sanitarias e socioasistenciais do colectivo de galegos en Bos Aires que se atopen nunha situación precaria
- Emigración achegará 300.000 euros a esta iniciativa e permitirá a condonación e bonificación de cotas sociais

A Secretaría Xeral de Emigración establece un marco de colaboración coa Fundación Galicia Saúde coa fin de contribuír á atención das necesidades sanitarias e socioasistenciais básicas daquelas persoas de orixe ou ascendencia galega residentes en Bos Aires que se atopen en situación de vulnerabilidade.

O departamento de Emigración do Goberno galego acorda coa Fundación Galicia Saúde, responsable de planificar e executar as actuacións en Arxentina, dous programas, por unha parte, de condonación e bonificación de cotas sociais en función da situación económica, a idade e a antigüidade como socios dos beneficiados, e por outra, de realización de consultas, prácticas médicas e ingresos hospitalarios de persoas en risco de exclusión social.

A Secretaría Xeral de Emigración, coa sinatura do convenio, achegará a contía de 300.000 euros, que se distribuirá entre os distintos programas de acordo co seguinte: 110.000 euros para o programa de condonación e bonificación de cotas sociais e 190.000 euros para o programa de realización de consultas, prácticas médicas e ingresos hospitalarios.

O convenio estende a súa vixencia desde a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2007.

A Fundación Galicia Saúde ten como obxecto a xestión e administración hospitalaria da Mutua do Centro Galego de Bos Aires, co compromiso de darlles cobertura a todos os seus asociados presentes e futuros, na súa maioría persoas de orixe galega e descendentes destas. Este hospital préstalles, en colaboración coa Xunta de Galicia e de xeito excepcional, cobertura sanitaria gratuíta ás ditas persoas, sempre que se atopen en situación de precariedade e que non poidan afrontar o pagamento das correspondentes cotas sociais, gastos de asistencia sanitaria e adquisición de medicamentos a prezo de mercado.



## A XUNTA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA COLABORARÁN NA INVESTIGACIÓN ECOLÓXICA DAS ESPECIES DE VIBRIO NA COSTA DE PERÚ

- O Goberno galego, a través da Dirección Xeral de Cooperación Exterior, financiará esta iniciativa mediante unha achega económica de 253.000 euros

O Goberno galego, a través da Dirección Xeral de Cooperación Exterior, apoiará os traballos de investigación ecolóxica na costa de Perú para o coñecemento da influencia do océano na dispersión de certas enfermidades. Con esta finalidade a Xunta de Galicia, achegará 253.000 euros nos vindeiros tres anos.

O Consello da Xunta deu, na súa reunión deste xoves, o seu visto e prace á sinatura dun convenio de colaboración entre o Goberno galego e a Universidade de Santiago de Compostela para apoiar a investigación ecolóxica das especies de vibrio na costa do Perú e as súas implicacións epidemiolóxicas.

O convenio recolle que a Xunta achegará 253.000 euros nos vindeiros tres anos a un proxecto levado a cabo polo Instituto de Acuicultura da Universidade de Santiago de Compostela, que ten como finalidade avaliar os cambios nas poboacións de vibrio, durante e despois dun episodio do fenómeno de El Niño nas costas peruanas. Deste xeito preténdese establecer o risco que pode supoñer na saúde pública as variacións deste tipo de bacterias mariñas causantes de diversas enfermidades, entre elas o cólera.

O Instituto de Acuicultura da Universidade de Santiago de Compostela ten unha ampla experiencia na investigación da contaminación mariña en outras zonas do mundo, como no caso de Honduras onde colaborou coa AECI nun proxecto sobre o impacto da contaminación nas zonas costeiras.

Transferencia de coñecementos: formación do persoal técnico local

Unha das liñas de actuación da Dirección Xeral de Cooperación Exterior enmárcase nos proxectos de transferencia de coñecementos e tecnoloxía, a través dos cales se pretende que técnicos do país beneficiario absorban o know how en materias nas que Galicia pode achegar a súa bagaxe e desenvolvemento tanto científica como técnica; neste senso é fundamental a alianza que se establece entre a cooperación galega e as universidades e demais centros de estudos especializados.

O xénero vibrio está composto por un grupo de especies que son habitantes naturais do medio acuático. Delas as *V. Cholerae* e *V. Parahaemolyticus* son as máis importantes desde o punto de vista sanitario, xa que son as responsables dun importante número de transmisións de infeccións a nivel mundial.



Así, mediante este proxecto preténdese apoiar a investigación a prol da protección e mellora da calidade do ambiente, formando o persoal técnico peruano implicado no estudo de mostras ambientais e clínicas das especies de *Vibrio*. Para conseguir estes obxectivos capacitarase o dito persoal na utilización das técnicas analíticas convencionais e moleculares desenvolvidas durante os últimos anos nos laboratorios da Universidade de Santiago de Compostela para o coñecemento de poboacións de microorganismos.

Co fin de avaliar a presenza deste organismo no medio mariño peruano, durante tres anos consecutivos, realizarase un estudo sobre a incidencia do *V. Cholerae* e do *V. Parahaemolyticus* en zonas da costa localizadas no norte, centro e sur do país. Os resultados obtidos integranse con datos ambientais e oceanográficos, elaborándose modelos matemáticos que permitan coñecer os factores ambientais que favorecen a presenza deste microorganismo nas diferentes áreas. Así, poderanse establecer modelos de predición da contaminación que minimicen os riscos de infección asociada ao consumo de produtos infectados por este tipo de bacteria.

## O CONSELLO DA XUNTA ACORDA INICIAR O PROCEDEMENTO FORMAL DE ELABORACIÓN E APROBACIÓN DO PLAN DE ORDENACIÓN DO LITORAL

- O Plan de Ordenación do Litoral establecerá os criterios, principios e normas xerais para a ordenación urbanística da zona litoral baseada en criterios de perdurabilidade e sustentabilidade
- Este plan adaptará as medidas de preservación e protección do litoral ás especificidades de cada unha das cinco demarcacións nas que se divide: Mariña luguesa, Costa Ártabra, Costa da Morte, Rías Baixas e Espazos insulares
- O Plan enmárcase no conxunto de medidas postas en marcha polo Goberno galego para frear o proceso de degradación e destrución do territorio galego, impulsando un novo modelo de aproveitamento do solo baseado no desenvolvemento sustentable

O Consello da Xunta acordou hoxe iniciar o procedemento formal de elaboración e aprobación do Plan de Ordenación do Litoral, do que se encarga a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes. O Goberno galego pon así en marcha o proceso formal de elaboración dun plan que, xunto coa Lei de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia (en vigor desde o pasado 17 de maio) e as Directrices de Ordenación do Territorio, constitúe un dos piares da política de protección, ordenación e posta en valor do territorio impulsada desde a Xunta de Galicia.

O Plan de Ordenación do Litoral establecerá os criterios, principios e normas xerais para a ordenación urbanística da zona litoral baseada en criterios de perdurabilidade e sustentabilidade, así como a normativa necesaria para garantir a conservación, protección e posta en valor das zonas costeiras segundo as especificidades de cada zona.

Este plan conterá cinco demarcacións ou plans específicos –os correspondentes a Mariña luguesa, Costa Ártabra, Costa da Morte, Rías Baixas e Espazos Insulares- que adaptarán as medidas de protección e preservación da costa recollidas no mesmo ás especificidades e singularidades de cada zona do litoral galego.

Cumprimento da legalidade vixente

O acordo de hoxe é consecuencia da recente promulgación da Lei de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, que outorga carta de natureza ao Plan de Ordenación do Litoral como plan territorial integrado, instrumento de ordenación do territorio previsto na Lei de ordenación do territorio de Galicia, e que require acordo do Consello da Xunta para o inicio do procedemento. Así mesmo, coa elaboración e aprobación do citado plan dáse cumprimento á Lei 9/2002, do solo tal como establece na súa disposición transitoria oitava.



O Plan de Ordenación do Litoral será de aplicación para todos os concellos costeiros, que aparecen especificados no anexo da Lei 6/2007, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia que entrou en vigor o pasado día 17 de maio. A Lei 6/2007 establece a suspensión temporal de novos desenvolvementos urbanísticos nos terreos situados dentro da franxa de 500 metros da liña litoral clasificados como solo urbanizable, apto para urbanizar ou rústico apto para o desenvolvemento urbanístico. Trátase dunha suspensión cautelar que estará vixente para cada un dos concellos afectados mentres non adapten os seus PXOM á normativa urbanística actual, ou ben ata que se aprobe o Plan de Ordenación do Litoral agora en tramitación.

#### Ofensiva legal para frear a destrución do territorio

O inicio da elaboración do Plan de Ordenación do Litoral vense sumar así mesmo a outras medidas impulsadas polo Goberno galego en cumprimento do compromiso asumido polo presidente da Xunta de Galicia no debate de investidura, como son o decreto de creación da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, actualmente sometido a informe do Consello Consultivo e cuxa constitución se efectuará no último trimestre deste ano; o Plan de Inspección Urbanística actualmente en marcha ou o conxunto de apoios aos concellos para a elaboración dos seus planeamentos urbanísticos, en concorrencia non competitiva, para todos os que o soliciten. Unhas axudas que acadan o 100% do custe no caso dos concellos de menos de 5.000 habitantes ou dos que teñen o seu plan suspendido; o 90% no caso dos municipios de entre 5.000 e 10.000 habitantes; e o 80% no caso dos que contan entre 10.000 e 50.000 habitantes.

Con estas medidas, o Goberno galego pretende pór freo á destrución, degradación e depredación do litoral que se viña producindo ata agora, así como apostar por un modelo de desenvolvemento ordenado e equilibrado do país que converta a riqueza territorial do país nun activo de alto valor económico, xerador de riqueza e de futuro para a nosa terra.



## O CONSELLO DA XUNTA DECLARA A DESESTENCIA DE 17 PETICIÓNS DE AUTORIZACIÓN PARA EXPLOTACIÓNS MINEIRAS PORQUE AS EMPRESAS INTERESADAS NON ACHEGARON A DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA

- Na mesma xuntanza aprobouse a autorización previa á licenza municipal para unha explotación no concello de Ponteareas e denegouse outra solicitude para unha explotación en Gondomar por non adecuarse á Lei do solo

O Consello da Xunta entende desistidas un total de 17 solicitudes de autorización autonómica para outras tantas explotacións mineiras nas catro provincias galegas porque as empresas interesadas nestas explotacións non achegaron a documentación que lles foi requirida. Na mesma xuntanza, o Consello da Xunta aprobou a autorización previa á licenza municipal para unha explotación mineira no concello de Ponteareas e denegou outra solicitude para unha explotación en Gondomar por non adecuarse á Lei do solo.

Do total de solicitudes que foron consideradas desistidas, 7 correspondíanse con proxectos para desenvolver explotacións mineiras en Carballada de Valdeorras, 1 nos termos municipais do Barco de Valdeorras e de Vilamartín de Valdeorras, 2 en Samos, 1 en Lourenzán, 1 en Ribadeo, 1 no Incio, 1 na Gudiña, 1 en Foz, 1 en Guitiriz e outra en Oroso.

En todos estes casos, a Dirección Xeral de Urbanismo, con data de decembro de 2004, requiriulle a cada unha das empresas unha serie de documentación sobre cada unha das explotacións co fin de completar o expediente e emitir unha resolución ao respecto. Transcorridos preto de tres anos sen que ningunha das empresas achegara a documentación solicitada (estudos de impacto ambiental e planos de restauración entre outros moitos informes), a Xunta de Galicia entende que os interesados desisten da súa petición inicial.

Contra este acordo, as empresas poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o Consello da Xunta no prazo dun mes, ou ben recurso contencioso-administrativo ante o TSXG no prazo de dous meses.

### Gondomar e Ponteareas

Doutra banda, o Consello da Xunta denegoulle á empresa Ramilo, S.A. a autorización autonómica previa á licenza municipal para unha explotación mineira no termo municipal de Gondomar porque non se adecúa á Lei do solo. A práctica totalidade do ámbito da explotación corresponde a terreos clasificados como solo rústico de especial protección de espazos naturais nos que a Lei do Solo prohibe as actividades extractivas.



Así mesmo, o Consello aprobou concederlle á empresa M. Morán, S.L. a autorización previa á licenza municipal para a explotación mineira C.E. Mouro 2.928" no termo municipal de Ponteareas. A autorización refírese estritamente ás zonas de explotación que aparecen incluídas no ámbito de declaración de impacto ambiental e, ademais, deberanse cumprir todas as condicións recollidas na DIA.



## POLÍTICA TERRITORIAL INVISTE 6 MILLÓNS DE EUROS NO ACONDICIONAMENTO DA PO-801 ENTRE CRECENTE (PONTEVEDRA) E RIBADAVIA (OURENSE)

- O Consello da Xunta autorizou hoxe o gasto das obras no treito Filgueira-límite provincial de Ourense de preto de 5 quilómetros de lonxitude

O Consello da Xunta autorizou hoxe o gasto necesario para as obras de acondicionamento da estrada PO-801 entre Filgueira, no concello pontevedrés de Crecente, e o límite coa provincia de Ourense, no concello de Ribadavia. A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes investirá 6 millóns de euros nos 4,944 quilómetros desta actuación.

A PO-801, antiga PO-401, discorre paralela ao río Miño, na súa marxe dereita, por un treito moi accidentado. A obra que se acometerá mellorará a estrada alargando a calzada, eliminando curvas e construíndo novas glorietas e isletas en diversas interseccións, o que suporá unha mellora na seguridade viaria. Ademais, habilitaranse 200 metros de carrís adicionais para vehículos lentos.





## A XUNTA INVISTE 7,3 MILLÓNS DE EUROS NO TREITO DA ROLDA LESTE DE LUGO QUE DISCORRE ENTRE AS ESTRADAS N-640 E LU-530

- O Consello da Xunta autorizou hoxe o gasto necesario para este tramo de 2,3 quilómetros
- Con esta obra facilitaranse os accesos ao novo hospital xeral de Lugo

O Consello da Xunta autorizou hoxe o gasto necesario para a construción do treito da rolda leste de Lugo que discorre entre as estradas N-640 a Ribadeo e LU-530 á Fonsagrada. Estes traballos suporán un investimento por parte da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes de 7,3 millóns de euros, aos cales hai que engadir os 2,3 millóns que custan as expropiacións necesarias para acometer a vía.

O treito autorizado pola Xunta ten unha lonxitude total de 2,360 quilómetros e con el facilitaranse os accesos ao novo Hospital Xeral de Lugo. A nova estrada terá características de autovía, con dous carrís en cada sentido de 3,5 metros cada un, mediana de 2 metros e beiravías interiores e exteriores que suman un largo total de 24 metros. A obra inclúe tres glorietas, un paso superior e outro inferior, ademais dun paso sobre o río Fervedoira.



## O GOBERNO GALEGO ACHEGA 5 MILLÓNS DE EUROS A ACTUACIÓNS COMPLEMENTARIAS DO TREITO AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ-CABREIROS DA AUTOVÍA FERROL-VILALBA

- O Consello da Xunta autorizou o gasto para a construción de novos camiños de servizo, áreas de descanso e traballos arqueolóxicos

O Consello da Xunta autorizou hoxe o gasto de 5 millóns de euros en actuacións complementarias no treito As Pontes de García Rodríguez-Cabreiros da autovía Ferrol-Vilalba AG-64. Estes traballos, non previstos no proxecto da obra, correspóndense coa construción de novos camiños de servizo, a adecuación de camiños existentes, a adecuación das vías municipais, a construción de áreas de descanso e traballos de documentación arqueolóxica.

O treito As Pontes de García Rodríguez-Cabreiros, duns 9 quilómetros de lonxitude, está actualmente en obras e supuxo un investimento total superior aos 50 millóns de euros. En toda a autovía entre Ferrol e Vilalba, duns 56 quilómetros de lonxitude, hai xa en servizo uns 33 quilómetros, entre Ferrol e As Pontes de García Rodríguez.



## POLÍTICA TERRITORIAL INVESTIRÁ 5,8 MILLÓNS DE EUROS NAS OBRAS DE MELLORA DA ESTRADA AC-841 ENTRE OS TILOS E A RAMALLOSA

- O Consello da Xunta autorizou hoxe o gasto necesario, que non inclúe as expropiacións e os servizos afectados
- As obras consistirán no acondicionamento das interseccións existentes, a creación de glorietas para o control dos accesos, a renovación do pavimento e a construción de sendas peonís, entre outras melloras

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes investirá un total de 5,8 millóns de euros nas obras de mellora da estrada AC-841 entre Os Tilos e A Ramallosa, no concello de Teo, segundo autorizou hoxe o Consello da Xunta.

Non obstante, aínda que o orzamento global desta obra ascende a algo máis de 6,7 millóns de euros, cómpre salientar que a autorización de gasto aprobada polo Consello se corresponde unicamente cos traballos na estrada propiamente ditos, pero non inclúe os pagamentos das expropiacións e a reposición dos servizos afectados.

Política Territorial considera que é necesario acometer a mellora da seguridade viaria neste treito de estrada (ao longo de 6,6 quilómetros entre os P.Q. 1,4 e o 8,06) que ten unha alta densidade de tráfico e que conta cun trazado moi sinuoso, con curvas perigosas de escaso radio, e que presenta “pel de crocodilo” en moitas zonas. Ademais, o treito en que se actuará discorre practicamente en todo o seu traxecto por unha zona eminentemente urbana (Os Tilos, Montouto, Cacheiras, A Ramallosa) e tamén semiurbana entre as localidades mencionadas. Polo tanto, a densidade de edificación é moi alta, con numerosas entradas a garaxes e con interseccións con camiños, pistas e estradas que acceden á vía principal mal acondicionadas.

Polo tanto, as obras consistirán fundamentalmente no acondicionamento das interseccións existentes, a creación de glorietas para o control dos accesos, a renovación do pavimento, a construción de sendas peonís adxacentes á estrada en treitos interurbanos e a mellora da sinalización e o balizamento.

## A XUNTA E O GOBERNO CENTRAL DESTINARÁN 1,2 MILLÓNS DE EUROS Á MELLORA DAS BIBLIOTECAS ESCOLARES DE GALICIA

- As actuacións previstas no convenio son a mellora das dotacións das bibliotecas mediante a incorporación de novos libros, revistas, documentación en soporte informático e recursos de vídeo e audio
- A mellora das bibliotecas posibilitará a reforma das súas instalacións e a súa conexión a Internet así como a posta en marcha de accións de formación de profesores sobre xestión documental e bibliotecaria

O Consello da Xunta vén de aprobar a sinatura da addenda ao convenio de colaboración entre o Ministerio de Educación e Ciencia (MEC) e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para a mellora das bibliotecas escolares, cun investimento de máis de 1,2 millóns de euros.

As actuacións previstas no convenio son a mellora das dotacións das bibliotecas escolares, actualizándoas e adecuándoas ás ensinanzas que se imparten no centro e ás idades dos seus alumnos, mediante a incorporación de novos libros, revistas, documentación en soporte informático e recursos de vídeo e audio; e adquisición de mobiliario e de material informático e multimedia, para adecuar os contornos de traballo e lectura, os medios para o almacenamento das coleccións e os sistemas de busca e acceso á documentación e ás necesidades que debe cubrir a biblioteca escolar.

Ademais, inclúe a reforma das instalacións e conexión á internet, a mellora da atención das bibliotecas escolares e programas de formación de profesores sobre xestión documental e bibliotecaria e sobre aplicación da biblioteca escolar ao desenvolvemento do currículo.

### Antecedentes

En setembro de 2006, o Ministerio de Educación e Ciencia e a consellería subscribiron un convenio para a mellora das bibliotecas escolares, en virtude do cal ambas as institucións achegaron a cantidade de 624.086,66 euros.

En marzo de 2007, o Consello de Ministros aprobou destinar no ano 2007 un total de 9 millóns de euros para a mellora deste servizo educativo. Deste total, 642.292 euros destínanse á comunidade galega. A addenda fixa que a Administración educativa galega deberá comprometer unha cantidade igual para esta finalidade. Un total de 33.331,99 euros destinaranse en 2007, mentres que en 2008 a cantidade desembolsada será de 194.960 euros, e en 2009 de 414.000 euros.



O convenio que hoxe autorizou o Consello da Xunta enmárcase na Lei orgánica de educación (LOE), que establece que o Estado promoverá programas de cooperación territorial co fin de acadar os obxectivos educativos de carácter xeral e reforzar as competencias básicas, mediante convenios ou acordos coas comunidades autónomas.

Ademais, inclúe dentro dos fins da educación a atención prioritaria que os poderes públicos deben prestar ao fomento da lectura e ao uso das bibliotecas, como factores que favorecen a calidade do ensino. Así, menciona expresamente que as bibliotecas escolares contribuirán a fomentar a lectura e a que o alumno acceda á información e outros recursos para a aprendizaxe das demais áreas e materias e qu poida formarse no seu uso crítico. Así mesmo, indica que a organización das bibliotecas deberán garantir a calidade e a igualdade de oportunidades na educación e constituír un espazo aberto á comunidade educativa dos centros.

## EDUCACIÓN E O CONCELLO DE LUGO COLABORARÁN NA ADECUACIÓN DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS NO CEIP DAS MERCEDES

- O orzamento desta actuación ascende aos 420.000 euros, que serán cofinanciados entre a Administración educativa e o concello lucense
- Atenderanse as necesidades deportivas do municipio lucense e satisfaranse as demandas da comunidade escolar da zona

O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Lugo para a execución das obras de adecuación de instalacións deportivas no Colexio de Educación Infantil e Primaria (CEIP) das Mercedes. Esta actuación conta cun investimento de 420.000 euros, cofinanciados entre a Administración educativa autonómica e o Concello de Lugo. O Concello de Lugo será a institución encargada da contratación da dirección e execución das obras previstas no proxecto de execución encargado e supervisado polo concello.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Lugo, conscientes de que o incremento da práctica deportiva reclama unha mellor dotación de infraestruturas, pretenden con este convenio atender as necesidades que en materia deportiva presenta o Concello de Lugo e satisfacer as demandas da comunidade escolar da zona, sen que iso impida que as instalacións que se programan sirvan a usos máis amplos e se poñan ao servizo dos colectivos deportivos municipais, mediante unha axeitada planificación na súa xestión.

Neste senso, a futura xestión das instalacións deportivas deberá atender prioritariamente ás necesidades que presente a comunidade escolar da zona, especialmente do CEIP das Mercedes. Así, establécese unha orde de preferencia priorizando as actividades dos centros educativos en horario lectivo; e, en segundo lugar, as actividades do concello fóra do horario lectivo.

O Concello deberá ter en conta tamén as necesidades dos centros educativos para programar actividades extraescolares; e, ao mesmo tempo, levará acabo un axeitado mantemento das instalacións de forma que o uso fóra do horario lectivo non impida ou dificulte as actividades dos centros educativos da zona dentro do horario escolar.

A XUNTA DECLARARÁ COMO PROXECTOS DE INCIDENCIA SUPRAMUNICIPAL OS GASODUTOS MUGARDOS-BETANZOS-ABEGONDO-SABÓN E MUGARDOS-AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ-GUITIRIZ, E OS SEUS RESPECTIVOS RAMAIS ÁS CENTRAIS DE MEIRAMA E AS PONTES

- A Consellería de Innovación e Industria eleva ao Consello da Xunta o acordo sobre estas dúas infraestruturas, consideradas de vital importancia na rede gasificadora do país
- Estes dous gasodutos constitúen un importante avance na planificación enerxética do país e na súa rede gasificadora e permitirán atender o incremento previsto da demanda desta fonte de enerxía
- Posibilitarán a conexión da planta de Reganosa coas centrais de ciclo combinado galegas

O Consello da Xunta acordou esta mañá, por proposta da Consellería de Innovación e Industria, a aprobación definitiva dos proxectos sectoriais do gasoduto Mugardos-Betanzos-Abegondo-Sabón (tramos I e II) e ramal á central de Ciclo Combinado de Meirama e do gasoduto Mugardos-As Pontes-Guitiriz e ramal á Central de Ciclo Combinado das Pontes e instalacións auxiliares, como proxectos de incidencia supramunicipal.

Estes dous gasodutos constitúen un importante avance na planificación enerxética do país e na súa rede gasificadora, dado que posibilita a conexión da planta de Reganosa coas centrais de ciclo combinado galegas e permite reforzar a infraestrutura básica do sistema de transporte primario de gas natural, atendendo ao incremento previsto na demanda e mellorando a eficiencia do sistema gasista no seu conxunto. Ademais, ambos os dous ramais forman parte da rede básica de gas natural do Estado.

Coa declaración de supramunicipalidade destes dous proxectos sectoriais, os planeamentos dos concellos afectados por ambas as dúas infraestruturas quedan vinculados ás determinacións contidas nos citados proxectos sectoriais. Así, no caso do gasoduto Mugardos-Betanzos-Abegondo-Sabón e ramal á CCC de Meirama veranse afectados os concellos da provincia da Coruña de Cabanas, Pontedeume, Vilarmador, Miño, Paderne, Betanzos, Coirós, Oza dos Ríos, Abegondo, Carral, Cerceda, Culleredo e Arteixo. No caso do gasoduto Mugardos-As Pontes-Guitiriz e ramal á CCC das Pontes e instalacións auxiliares, os concellos afectados serán os de Mugardos, Ares, Fene, Cabanas, A Capela e As Pontes, na provincia da Coruña, e Xermade e Guitiriz, na provincia de Lugo.



## INNOVACIÓN E INDUSTRIA DESTINA 600.000 EUROS Á MELLORA DA COMPETITIVIDADE DOS SECTORES NAVAL E DA MADEIRA

- O departamento autonómico asinará dous convenios de colaboración para desenvolver distintas actuacións cos clústers galegos do naval e da madeira, cunha achega de 300.000 euros para cada un deles

A Consellería de Innovación e Industria ten previsto destinar 600.000 euros ao desenvolvemento de distintas actuacións dirixidas a potenciar os sectores galegos da construción naval e da madeira, en virtude de dous convenios de colaboración aprobados hoxe polo Consello da Xunta coa Asociación Clúster do Naval Galego (Aclunaga) e coa Asociación Empresarial Clúster da Madeira de Galicia, respectivamente.

En virtude do acordo con Aclunaga, cunha achega por parte da consellería de 300.000 euros, desenvolveranse cinco liñas básicas de actuación: a convocatoria de 21 bolsas de formación coa finalidade de formar o persoal técnico e xestores especializados no sector naval (14 con perfil técnico e 7 con perfil de administración de empresas); o deseño e implantación de modelos de xestión excelente nas empresas da industria auxiliar, cuxo desenvolvemento permitirán realizar unha diagnose da situación real e un plan de excelencia encamiñado a mellorar a xestión; a elaboración dun plan de formación das empresas da industria auxiliar do sector naval galego cara ao período 2007-2013; a organización de distintas conferencias de carácter técnico sobre asuntos de actualidade referidos á construción naval; e a asistencia do sector galego a feiras internacionais do ámbito da construción e a reparación naval, como Sinaval, Londo Shiprepair&Conversion 2007, Norshipping Oslo, Off-Shore Brasil, Europort Rotterdam ou Marintec China.

A través do convenio de colaboración co clúster da madeira, cunha achega por parte da consellería tamén de 300.000 euros, desenvolveranse as seguintes actuacións: creación dun observatorio de tendencias para as actividades de carpintaría e mobiliario, coa finalidade de satisfacer unha das grandes necesidades deste subsector que é a de coñecer coa maior antelación posible cales son as últimas tendencias no sector, tanto en materiais como en deseños, texturas, cores, ou consumo; desenvolvemento dun plan de mercadotecnia horizontal sectorial, co obxectivo de identificar a cadea de valor de coñecemento do sistema produtivo e as bases de coñecemento ligadas aos colectivos dos prescritores dos produtos e servizos relacionados coas empresas do sector, desenvolvendo ferramentas que faciliten as prestacións deste elemento os profesionais; organización de conferencias de carácter técnico sobre temas relacionados co sector da madeira; convocatoria dun concurso coa finalidade de implicar aos prescritores do sector no uso da madeira; organización da IV edición das Xornadas Internacionais de Deseño; asistencia a feiras de carácter





sectorial de interese para o sector, como Cosmu 2007 ou Word Congreso Furniture; e, por último, o desenvolvemento das accións previas para a implantación do proxecto "Xestión Lean" en varias empresas do sector (co obxectivo de implantar un sistema de xestión baseado na estandarización como sistema de mellora nos procesos internos da empresa en todos os ámbitos, aforrando deste xeito recursos que non acheguen valor engadido.



## O GOBERNO GALEGO ACHEGA CASE 300.000 EUROS AO SECTOR METALÚRXICO PARA IMPULSAR A SÚA MELLORA COMPETITIVA

- A Consellería de Innovación e Industria asinará un convenio de colaboración con Asime que permitirá desenvolver, entre outras, actuacións en materia de formación, comercio exterior e fomento das TIC

A Consellería de Innovación e Industria e a Asociación de Industriais Metalúrxicos de Galicia (ASIME) asinarán un convenio de colaboración para a realización de actuacións que contribúan ao desenvolvemento e mellora competitiva do sector metalúrxico galego. O departamento autonómico achegará un total de 297.000 euros a este convenio que permitirá, entre outras actuacións, a convocatoria de 15 bolsas de formación (coa finalidade de formar aprendices e técnicos especializados no sector naval), a organización de dous cursos de formación no campo da calibración e metroloxía (un de iniciación e outro de perfeccionamento), e a adquisición ou alugamento de medios, software e material necesario para desenvolver as accións de formación de transformadores de chapa, plástico e troquelaría, que se levarán a cabo nas instalacións de Asime.

O convenio, que foi autorizado hoxe polo Consello da Xunta, permitirá tamén manter un departamento específico destinado a potenciar a actividade de comercio exterior das empresas do sector. Este departamento prestaralles asesoramento ás empresas en todo o referente ao investimento no estranxeiro, ás formas de colaboración con empresas doutros países e demais cuestións de interese. Así mesmo, o departamento manterá un boletín de oportunidades comerciais no exterior e asesorará nas posibilidades existentes no marco do VII Programa Marco da Unión Europea.

Tamén referido á internacionalización do sector, a sinatura deste convenio vai permitirlle á Asime organizar misións comerciais directas ou inversas con países de interese comercial para as empresas metalúrxicas galegas e encontros empresariais con organizacións económicas e empresariais de países e economías de interese para Galicia; así como participar en feiras que sirvan como promoción das empresas galegas e realizar estudos de mercado sobre países e produtos de interese para o sector metalúrxico galego.

Entre as actuacións que se enmarcan no convenio tamén se atopan a creación dun portal web para a Asime; a organización de visitas a plantas de interese do sector aeronáutico e formación para as empresas que se pretendan introducir neste ámbito; a actualización e potenciación da base de datos do sector do metal galego; a elaboración do Plan estratéxico de ASIME e dos subsectores de moldes e matrices e industrias da ferralla; a organización de xornadas relacionadas co problema da



sucesión familiar no sector metalúrxico; e actuacións encamiñadas a fomentar as tecnoloxías da información e das comunicacións entre as empresas do sector.



## INNOVACIÓN E INDUSTRIA COLABORARÁ COS EMPRESARIOS DE HOSTALARÍA PARA A REALIZACIÓN DE DISTINTAS ACTUACIÓNS DE PROMOCIÓN TURÍSTICA

- Este departamento autonómico achegará 162.000 euros para a posta en marcha de diversas accións, como a edición de guías de información turística ou a colocación de carteis publicitarios

A Consellería de Innovación e Industria destinará 162.000 euros ao financiamento de diversas accións de promoción turística que se van desenvolver no marco dun convenio de colaboración, autorizado hoxe polo Consello da Xunta, que o departamento autonómico subscribirá coa Confederación de Empresarios de Hostalería de Galicia (Cehosga).

O orzamento total previsto para o proxecto de actuacións ascende a 270.000 euros e nel inclúese a edición de oito números da publicación "Hostelería-Cehosga" (cunha tirada por número de 20.000 exemplares que serán distribuídos por toda Galicia e a sectores relacionados co gremio no conxunto do Estado), e a organización da "Gala de Hostalaría", onde se premian os profesionais do sector polos seus méritos durante a súa traxectoria.

De igual xeito, en virtude do convenio dotarase de medios persoais o punto de información turística situado no local social de Cehosga, na compostelana rúa San Lázaro, no Camiño Francés, e procederase á instalación e mantemento de carteis publicitarios da campaña Visitar Galicia en Valença do Miño (Portugal), Benavente (Zamora) e Ávila. Por último, o acordo entre Consellería e Cehosga posibilitará a publicación dunha guía de información turística en inglés (20.000 exemplares), francés (15.000 exemplares) e alemán (10.000 exemplares).



## A XUNTA PROMOVE A RENOVACIÓN DO SISTEMA DE INFORMACIÓN XEOGRÁFICA DE IDENTIFICACIÓN DE PARCELAS EN GALICIA

- O Fondo Galego de Garantía Agraria, o Fondo Español de Garantía Agraria e a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes asinarán un acordo que posibilitará a execución e o financiamento de traballos neste sentido
- A finalidade é obter un único produto válido tanto para a Administración galega como estatal

O Consello da Xunta autorizou o Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA) a asinar un convenio de colaboración co Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA) e coa Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, para a realización da cobertura de fotografía aérea, ortofotografía dixital de alta resolución e modelo dixital do terreo para a renovación do sistema de información xeográfica de identificación de parcelas (SIXPAC) de Galicia.

Para o cumprimento deste convenio, o FOGGA comprométese a actuar como único interlocutor ante o FEGA nos aspectos relativos á elaboración do proxecto, o seu seguimento e aplicación da metodoloxía establecida; así como a financiar parte dos traballos cun orzamento de 268.295 euros durante o presente exercicio. Pola súa banda a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes asumirá a realización dos voos fotogramétricos, das ortofotografías dixitais e o modelo de elevación do terreo, dos que deberá entregar copia dixital ao FOGGA e ao FEGA. Deste xeito, coordínase o proceso de produción das ortografías dixitais dentro do Plan nacional de ortofotografía aérea, coa finalidade de obter un único produto válido tanto para a Administración galega como para a estatal, optimizando a xestión e o financiamento destes traballos.



## MEDIO RURAL ASINARÁ UN CONVENIO CON DISTINTAS ENTIDADES PARA O ACONDICIONAMENTO DA SEDE DO INSTITUTO DE BIODIVERSIDADE AGRARIA E DESENVOLVEMENTO RURAL

- Este acordo posibilitará a rehabilitación dun inmovible para acoller a sede do Ibader, co fin de que este poida desenvolver os obxectivos de investigación, asesoramento e divulgación no campo da biodiversidade, sistemas de produción e desenvolvemento rural establecidos no convenio de creación.

O Consello da Xunta autorizou a Consellería do Medio Rural á sinatura dun convenio de colaboración coa Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, a Deputación Provincial de Lugo e a Universidade de Santiago de Compostela, para a realización de traballos de acondicionamento e mellora do edificio coñecido como “A Granxa” para sede do Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural (Ibader). A sinatura deste acordo comporta un investimento por un importe total para a Xunta de Galicia de 273.000 euros, distribuídos equitativamente entre ambas as consellerías e en dúas anualidades.

O acondicionamento deste inmovible posibilitará que o Ibader, que na actualidade está situado provisionalmente en locais pertencentes á Facultade de Veterinaria, sexa trasladado a un novo edificio que cumpra coas condicións axeitadas para albergar este instituto. A nova sede do Ibader estará situada nunha propiedade da Deputación Provincial de Lugo, coñecida como “A Granxa” e delimitada pola Facultade de Empresariais e o Hospital Clínico Veterinario Rof-Codina, que lle será cedida á Universidade de Santiago para o seu uso gratuito, logo do seu acondicionamento e da súa rehabilitación.

Hai que lembrar que o Ibader ten como obxectivos fundamentais o desenvolvemento da investigación científica e técnica no campo da biodiversidade, os sistemas de produción agrícola, gandeira e forestal, e o desenvolvemento rural; o asesoramento técnico a entidades, asociacións e empresas vinculadas co medio rural; a potenciación e apertura de novos mercados de traballo para os alumnos das titulacións relacionadas co medio rural; a realización de actividades docentes e de formación a través de programas de doutoramento, postgrao e cursos de extensión universitaria; e a información e divulgación de coñecementos das materias obxecto de investigación.



## O CONSELLO DA XUNTA APROBA POR VEZ PRIMEIRA O PLAN DE DEFENSA CONTRA INCENDIOS DE GALICIA (PLADIGA)

- Tal e como se recolle na Lei de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais, aprobada recentemente no Parlamento, a Consellería do Medio Rural elaborou este plan co obxecto de conseguir, a medio prazo, unha organización máis eficaz e profesionalizada no marco da loita contra o lume
- Con respecto ao Plan Infoga, o PLADIGA incorpora unha serie de novidades: a contratación directa por parte da Xunta de todo operativo contra incendios e a súa organización baixo un único mando; a posta en marcha de novas actuacións preventivas; o incremento da formación dos efectivos humanos e unha mellor dotación de material técnico; a integración da sociedade civil, propietarios forestais, comunidades de montes e cooperativas agrarias na loita contra o lume; o cálculo do índice diario de risco (IRDI) con diversos graos de perigo e a aplicación de catro protocolos de alerta en función deses niveis
- O conselleiro Alfredo Suárez Canal esbozará a vindeira semana no Parlamento galego os aspectos máis salientables deste plan, que foi consensuado co sector.

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Plan de Defensa contra Incendios Forestais de Galicia, elaborado pola Consellería do Medio Rural en cumprimento da Lei de Prevención e Defensa contra Incendios, en vigor desde o pasado 17 de abril de 2007. Esta planificación da loita contra o lume para a campaña que está a piques de comezar substitúe o coñecido como Plan Infoga e, por primeira vez na comunidade autónoma, recibe o visto e praxe do Consello da Xunta. Entre as principais novidades que incorpora, destaca a contratación directa por parte da administración autonómica de todas as brigadas terrestres e helitransportadas, fronte ao sistema anterior de convenios cos concellos, e a asunción dun mando único de todo o operativo por parte da Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais. En canto ás brigadas de reforzo, increméntase a súa contratación nun mes máis durante o verán e estarán compostas por cinco membros que disporán de días de descanso e de traballo en conxunto.

Así mesmo, tamén se levou a cabo unha actualización das Zonas de Alto Risco (ZAR) de incendios no noso país, con respecto á declaración formulada pola anterior Consellería de Medio Ambiente en xullo de 2005, en función da evolución histórica dos lumes en cada concello e da súa vulnerabilidade poboacional e económica co fin de realizar unha mellor distribución dos recursos que conforman o operativo. Froito desta análise do territorio, 195 concellos galegos foron catalogados como Zonas de Alto Risco de incendios forestais. O PLADIGA recolle ademais a creación do Índice de Risco Diario de Incendios (IRDI), xa en funcionamento, que permite coñecer cunha antelación de dez días o nivel de perigo de lumes dun determinado territorio de Galicia e do conxunto da comunidade. Neste sentido, establécense cinco niveis de risco que permitirán determinar o despregue de medios nas zonas máis vulnerables ou a

posibilidade ou non de empregar o lume en diversas actividades. En función do valor do IRDI (baixo, moderado, alto, moi alto e extremo) establécense catro protocolos de alerta que implican a mobilización de máis ou menos recursos, dentro do operativo contra o lume formado por arredor de 6.000 persoas e máis de 2.000 medios técnicos.

#### Aviso de alerta de xeito automático

Con respecto á campaña pasada, tamén se desenvolveron diversas aplicacións informáticas para facer máis eficiente o traballo do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais e, sobre todo, para acceder de forma inmediata ás bases de datos e á documentación necesaria para a toma de decisións. Entre outras cousas, realizouse un inventario dos máis de 3.800 puntos de auga existentes en Galicia, coa súa localización administrativa e xeográfica (coordenadas UTM), tipo de carga, material de fabricación, dimensións e volume, accesos, fotografías... Así mesmo, tamén se informatizou a xestión do Plan Preventivo, mediante a recollida de datos sobre a localización das actuacións realizadas, os recursos empregados, as datas de inicio e finalización, etc.

Nesta liña, tamén se habilitou un número de teléfono para expedir as comunicacións de queimas e creouse unha base de datos para recoller a documentación tanto destas como das autorizacións realizadas. En canto ao sistema de avisos de alertas, o Centro de Coordinación de Incendios comunicalle de forma automática, a través de SMS, a cada concello a presenza dun lume no seu ámbito territorial, de forma que as autoridades municipais disporán da información de emerxencia ao mesmo tempo que o SPDIF. Ademais, a incorporación das novas tecnoloxías tamén permite realizar un seguimento dos medios terrestres en tempo real (mediante a instalación de posicionadores con motor GPS e GSM/GPRS) e a súa visualización nun sistema de información xeográfica, así como a colocación dun sistema de vídeo-vixilancia nas bases aéreas. Por último, tamén se están aplicando novas ferramentas informáticas á xestión dos convenios asinados cos concellos para a realización de traballos preventivos (faixas de protección, vehículos motobomba e tratamentos silvícolas), favorecendo así o seu seguimento.

#### Novos instrumentos

No PLADIGA tamén se recolle, como novidade, o reforzo do operativo a través da empresa pública Servizos Agrarios Galegos (SEAGA) en labores de prevención, vixilancia e extinción, que será a encargada de xestionar 119 brigadas (entre terrestres, de vixilancia móbil, helitransportadas e BELUGAS) formadas por arredor de 755 persoas. Pero ademais, este ano tamén se incorporaron de forma auxiliar ao dispositivo outros medios proporcionados por CUMAs ou cooperativas, dentro da estratexia da Xunta de Galicia de integrar o mundo agrogandeiro e forestal como partes da mesma realidade rural. Nas labores de vixilancia e protección do monte





tamén terán un papel destacado, de forma pioneira, as agrupacións veciñais de vixilancia forestal, e o voluntariado en defensa do monte galego, que este ano se consolida logo de ter emerxido como un fenómeno social sensibilizador durante a vaga de lumes de agosto de 2006. A incorporación ao PLADIGA tanto do voluntariado como das agrupacións de vixilancia de comunidades de montes ou de propietarios forestais particulares supón que a súa actividade vai estar sempre coordinada polo Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios co fin de lograr a maior eficacia posible. Deste xeito, ademais, concédeselle a importancia que teñen estes colectivos como un elemento máis da engranaxe que sustentará a loita contra o lume durante esta campaña.

## O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE ASUME A XESTIÓN DO HOSPITAL BÁSICO DE DEFENSA EN FERROL

- O Ministerio de Defensa outorgará ao Servizo Galego de Saúde unha concesión administrativa por un período de 75 anos
- Un real decreto recollerá a relación do persoal de ámbito sanitario e non sanitario do centro, así como as dotacións económicas e orzamentarias correspondentes
- O Servizo Galego de Saúde, pola súa banda, asumirá a través dos seus orzamentos, a xestión, equipamento e mantemento do Hospital Naval de Ferrol

O Consello da Xunta vén de autorizar o convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade e o Ministerio de Defensa para regular o uso compartido civil e militar do Hospital Básico de Defensa en Ferrol. O documento establece as condicións necesarias para transferir o uso das instalacións e equipos, así como o traspaso voluntario de persoal civil deste hospital ao Servizo Galego de Saúde.

Por unha banda, o Ministerio de Defensa outorgará sobre os terreos onde está situado o Hospital Básico de Defensa unha concesión administrativa por un período de 75 anos en favor do Servizo Galego de Saúde. Tamén cederá o equipamento do que dispón actualmente este hospital. O Ministerio de Defensa manterá unha clínica militar integrada nas instalacións do hospital de utilización civil e militar.

O Servizo Galego de Saúde, pola súa banda, asumirá a través dos seus orzamentos, a xestión, equipamento e mantemento do Hospital Naval de Ferrol.

En canto ao persoal civil do Hospital Básico de Defensa, tanto sanitario como non sanitario, efectuarase mediante real decreto que recollerá a relación do persoal e as dotacións económicas e orzamentarias.

O persoal militar destinado no centro hospitalario permanecerá formando parte del ata a súa cesión ao Servizo Galego de Saúde, momento no que poderá ben ser trasladado á clínica militar, ou ben pasará a situación pendente de asignación de destino. Unha vez asinado o convenio, as condicións de transferencia de uso das instalacións e equipamentos, así como de traspaso de persoal, e as bases de cooperación entre os profesionais da clínica militar e o Servizo Galego de Saúde quedarán determinados pola Comisión Mixta de Transferencias Estado-Xunta de Galicia

Este convenio conta con todos os informes favorables das direccións xerais de Función Pública da Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza; de Orzamentos da Consellería de Economía e Facenda; da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, e, tamén, da Secretaría Xeral de Sanidade e da Asesoría Xurídica do Servizo Galego de Saúde.



## O GOBERNO GALEGO DECLARA A INCIDENCIA SUPRAMUNICIPAL DAS OBRAS DE AMPLIACIÓN DO HOSPITAL ÚNICO DE PONTEVEDRA

- Con esta actuación, a Xunta promove o desenvolvemento sanitario da zona norte da provincia de Pontevedra desde unha perspectiva de planificación integral dos recursos hospitalarios desta área (Hospital Provincial, Hospital de Montecelo e Hospital do Salnés)
- O novo complexo hospitalario vai atender unha poboación actual de 295.885 habitantes, repartidos en 27 concellos da área norte da provincia de Pontevedra
- O novo centro sanitario público suporá un investimento de máis de 90 millóns de euros e contará con 613 camas

O Consello da Xunta de Galicia acordou hoxe a declaración de incidencia supramunicipal do proxecto sectorial para as obras de ampliación do Complexo Hospitalario de Pontevedra, conforme o establecido na Lei de ordenación do territorio de Galicia.

Con esta medida, o Goberno galego contribúe ao desenvolvemento sanitario da zona norte da provincia de Pontevedra desde unha perspectiva de planificación integral dos recursos hospitalarios desta área.

A cobertura desta zona abrangue os concellos de: Cuntis, Caldas de Reis, Portas, Moraña, Forcarei, Campo Lameiro, Cerdedo, Barro, O Grove, Meaño, Meis, Sanxenxo, Poio, Pontevedra, Cotobade, Marín, Ponte Caldelas, A Lama, Bueu, Vilaboa, Soutomaior, Catoira, Vilagarcía, A Illa, Vilanova, Ribadumia e Cambados. Deste xeito, o centro sanitario vai prestar, pois, servizo a 21 concellos, cunha poboación actual de 222.301 habitantes.

Ademais, vai complementar a área do Salnés, con seis concellos, e unha poboación actual de 73.584 habitantes. Polo tanto, o centro sanitario pontevedrés vai atender a unha poboación actual de 295.885 habitantes, repartidos en 27 concellos da área norte desta provincia.

Co obxectivo de permitir e regular o establecemento da ampliación do complexo hospitalario existente, ordenarase e habilitarase unha superficie de solo duns 83.700 metros cadrados, que implicará a modificación e mellora das infraestruturas afectadas, en particular as viarias, necesarias para o seu correcto funcionamento.

Este acordo conta cun informe favorable da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e outro da Asesoría Xurídica.



### Hospital único

Para fundamentar o carácter de supramunicipalidade do Proxecto, a Consellería de Sanidade manifestan a singularidade do ámbito de actuación do mesmo, como ampliación do Complexo Hospitalario de Pontevedra.

Ademais, o actual Goberno galego quere destacar o concepto de hospital único, como oferta integral baseada na coordinación entre servizos que favorezan a continuidade asistencial.

Asemade, a declaración de supramunicipalidade fundaméntase nas especiais características que definen o proxecto para proporcionar servizos sanitarios especializados (centralidade da área cirúrxica, críticos e área de soporte diagnóstico, porta única de urxencia, área ambulatoria integral, entre outros).

### Un investimento de máis de 90 millóns de euros

O novo centro sanitario público pontevedrés suporá un investimento de máis de 90 millóns de euros por parte do Servizo Galego de Saúde. Contará, para hospitalización, cun total de 613 camas, sendo o 30 por cento das habitacións de uso individual. Ademais, o 38 por cento das habitacións pediátricas serán individuais, e o 100 por cen das oncolóxicas e obstétricas terán unha única cama.

O hospital de día terá unha capacidade total de 118 postos, e no que atinxe ás consultas externas, disporase dun total de 179 locais para consulta e exploración. Pola súa banda, o bloque cirúrxico será de 18 quirófanos.

A infraestrutura complétase con laboratorios unificados, unidade de radioloxía, dous TACs, dúas resonancias, sala vascular, oito salas de raios x, entre outras dependencias.

O servizo de urxencias contará cunha porta única, preparada para recibir adultos, nenos e outros pacientes, con circuítos diferenciados.

Será, pois, un hospital onde o deseño de espazos estará pensado para asumir posibles cambios futuros e cunha clara orientación ao usuario.

## PESCA ASINARÁ UN CONVENIO DE COLABORACIÓN COA USC E O IFAPA PARA COORDINAR A REALIZACIÓN DUN ESTUDO SOBRE A PERKINBOSE NO LITORAL ESPAÑOL

- O Centro de Investigacións Mariñas, dependente da Consellería de Pesca, é a entidade que lidera a realización deste traballo de investigación sobre esta enfermidade parasitaria que afecta aos moluscos

O Consello do Goberno galego autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, a Universidade de Santiago de Compostela (USC) e o Instituto Andaluz de Investigación e Formación Agraria, Pesqueira, Alimentaria e de Producción Ecolóxica (Ifapa) para a realización do proxecto de investigación *“A Perkinsose no litoral español: caracterización das variantes taxonómicas do parasito, do seu ciclo de vida e da resposta inmunitaria do hospedador”* liderado polo Centro de Investigacións Mariñas (CIMA). A través deste documento, a Consellería de Pesca pretende regular a colaboración entre as distintas institucións, que forman o equipo de investigación, para o desenvolvemento deste ambicioso estudo.

Investigadores do CIMA, da USC e o Ifapa elaboraron conxuntamente este proxecto, que foi presentado polo Centro de Investigacións Mariñas na convocatoria de axudas a proxectos de investigación no marco do Plan Nacional de I+D+I 2004-2007 do Ministerio de Educación y Ciencia (MEC). A iniciativa foi aprobada e adxudicada a esta entidade solicitante coa concesión dun total de 157.300 euros para a súa realización. Deste xeito, a sinatura deste convenio que autorizou hoxe o Consello da Xunta, servirá para establecer as regras de execución entre os equipos participantes das diferentes institucións, así como a distribución e a financiación entre elas.

O estudo *A Perkinsose no litoral español: caracterización das variantes taxonómicas do parasito, do seu ciclo de vida e da resposta inmunitaria do hospedador* ten por obxectivo determinar se existen no litoral español outras especies non recoñecidas e linaxes xenéticas diferentes dentro das especies con diferenzas na patoxenicidade, que requirirían un grao de vixilancia e control diferente. Así mesmo, pretende esclarecer as vías de transmisión da enfermidade no medio natural, algo importante de cara a implementar estratexias de loita, e, tamén, identificar e caracterizar xenes que se expresan e proteínas cuxa síntese se induce na resposta inmune da ameixa fronte á perkinsose.

A perkinsose é unha enfermidade xerada polos parasitos do xénero *Perkinsus* que están presentes nos cinco continentes e que, en moitos casos, provocan unha alta mortalidade dos moluscos. A transcendencia económica que supón a presenza desta enfermidade fixo necesaria a toma de medidas a nivel internacional para impedir a súa



expansión e mitigar os seus efectos, de aí o impulso e o interese dos investigadores do CIMA, a USC e o IFAPA na posta en marcha deste estudo. De feito, no litoral español xa se teñen identificado dúas especies deste parasito que afectan a varias especies de moluscos con interese comercial. En Galicia en concreto, esta patoloxía pode afectar á ameixa que se produce nas nosas costas, incidindo negativamente no seu crecemento e capacidade reprodutiva, así como repercutindo na súa taxa de mortalidade.

#### Encontro internacional en Galicia para analizar esta enfermidade

O equipo de investigación do CIMA encargado do estudo da perkinsose no litoral español, tamén coordina a realización do “Taller Internacional para a Análise do Impacto da Perkinsose sobre o Sector do Marisqueo en Europa” que se celebrará entre os días 12 e 14 do vindeiro mes de setembro na sede do Centro Tecnolóxico do Mar (Cetmar) en Vigo. Trátase dunha reunión de expertos de catro continentes, entre os que se atopan produtores, investigadores e representantes da administración, na que se abordará a ameaza que supón a perkinsose para o sector marisqueiro de Europa.

Este encontro, financiado pola Comisión Europea, será unha boa oportunidade para debater sobre diferentes aspectos desta enfermidade e poder reunir toda a información actualizada posible sobre a mesma: prioridades de investigación e recomendacións para o sector e as autoridades responsables de saúde animal. Todo este material será recollido nunha publicación co obxectivo de garantir unha ampla difusión do seu contido.

Os prazos de inscrición e a proposta de ponencias para o Taller xa están abertos. A asistencia a estas xornadas será de balde e todos os interesados poderán consultar as instrucións de participación en <http://www.cetmar.org/woper>.



## A XUNTA E O MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE DESTINARÁN 3.884.000 EUROS Á RESTAURACIÓN HIDROLÓXICA E REXENERACIÓN DE CANLES NO RÍO TÁMEGA E EN SUBBACÍAS MENORES DA PROVINCIA DE OURENSE

- A Consellería de Medio Ambiente, a través de Augas de Galicia, asumirá o 25% do financiamento do proxecto e a Confederación do Douro, do Ministerio de Medio Ambiente, o 75%
- As actuacións previstas permitirán recuperar as canles e marxes dos ríos, coa creación de zonas verdes, ademais de previr os efectos de enchentes e inundacións
- As obras realizaranse en subbacías dos ríos ao seu paso polos municipios ourensáns de A Gudiña, Riós, Oimbra, Verín, Castrelo do Val, Laza, Monterrei, Cualedro e Vilardevós, todos eles comprendidos no territorio da cunca hidrográfica do Douro en Galicia

A Consellería de Medio Ambiente, a través de Augas de Galicia, e a Confederación Hidrográfica do Douro, do Ministerio de Medio Ambiente, destinarán 3.884.000 euros ás obras de restauración hidrolóxica e de protección e rexeneración de canles nas subbacías do río Támega e doutros ríos menores ao seu paso pola provincia de Ourense. O Consello autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta e o ministerio para a realización destas actuacións, que se desenvolverán en zonas comprendidas no territorio da bacía hidrográfica do Douro en Galicia.

Augas de Galicia asumirá o 25% do financiamento destas actuacións, cun investimento de 971.000 euros distribuído en dúas anualidades, mentres que a Confederación Hidrográfica do Douro achegará 2.913.000 euros, que representa o 75% do financiamento, mediante achegas procedentes do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional da Unión Europea (FEDER).

O obxectivo do convenio é recuperar as canles e marxes dos ríos en zonas de gran valor ambiental e paisaxístico, coa creación de espazos verdes; ademais de previr os efectos das enchentes e inundacións. As obras realizaranse nas subbacías do Támega e doutros ríos menores, ao seu paso polos termos municipais de A Gudiña, Riós, Oimbra, Verín, Castrelo do Val, Laza, Monterrei, Cualedro e Vilardevós, na provincia de Ourense.

O convenio estará vixente ata decembro do 2008 e prevé o desenvolvemento de oito actuacións, ademais doutras obras menores. Así, neste ano está previsto o investimento de 307.460 euros para a adecuación hidrolóxica e ambiental do río Támega ao seu paso polo municipio de Cualedro; un orzamento de 240.813 euros



para a recuperación ambiental dos ríos Arzoá, Barxas e Arzadegós, en Vilardevós; e a recuperación nos ríos Ribeira, Valgrande e Pereiro, no municipio de A Gudiña, por un importe de 212.032 euros.

#### Investimentos no 2008

Na anualidade do 2008 está previsto realizar a adecuación ambiental e defensa contra avenidas na cunca do río Támega, nos termos municipais de Laza e Castrelo do Val, cun importe de 810.389 euros; a prevención contra cheas e adecuación ambiental da canle e marxes do Támega e outros regueiros menores no concello de Verín, por un importe de 747.057 euros; e a restauración ecolóxico ambiental dos sotos fluviais dos ríos Bubal e Rubín, en Monterrei, cun orzamento de 434.103 euros.

O programa de actuacións complétase coas obras de defensa contra inundacións do núcleo de Albarellos, en Monterrei, cun investimento de 597.000 euros; a adecuación hidrolóxico-ambiental do Támega e os seus afluentes ao seu paso por Oimbra, por un importe de 441.194 euros; e outras obras menores.





## AUGAS DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO COLABORARÁN NA ELABORACIÓN DUN ESTUDO CUANTITATIVO DOS RECURSOS HÍDRICOS SUBTERRÁNEOS DA DEMARCACIÓN HIDROGRÁFICA DE GALICIA COSTA

- Este traballo realizarase mediante un convenio, autorizado hoxe polo Consello da Xunta, e permitirá cuantificar os mananciais de auga subterráneos existentes na demarcación
- A Consellería de Medio Ambiente, a través do organismo autónomo de Augas de Galicia, achegará 66.177 euros para a elaboración deste proxecto, que será realizado por especialistas en hidroloxía subterránea

A Consellería de Medio Ambiente, a través do organismo autónomo de Augas de Galicia, e a Universidade de Santiago de Compostela (USC), colaborarán na elaboración dun estudo cuantitativo dos recursos hídricos subterráneos existentes en Galicia, concretamente na demarcación hidrográfica de Galicia Costa, competencia da administración autonómica. O estudo realizarase mediante a sinatura dun convenio que hoxe foi autorizado polo Consello da Xunta.

Segundo este convenio, Augas de Galicia achegará 66.177 euros para a elaboración do estudo, que será realizado por persoal especializado en hidroloxía subterránea do grupo de investigación de territorio, terreo e biodiversidade da USC. O traballo permitirá cuantificar os puntos de auga subterránea existentes, e así realizar un balance hídrico realista para a posta en marcha do Plan Hidrolóxico de Galicia Costa.

Para cuantificar os recursos hídricos subterráneos realizarase un traballo de campo preliminar e seleccionaranse unha serie de cuncas piloto para desenvolver nelas as investigacións. Posteriormente elaboraranse un inventario dos puntos de auga existente e poranse en marcha programas de monitoreo periódico nas cuncas piloto, co fin de extraer datos.

O convenio de colaboración estará vixente ata o ano 2009, data en que está prevista a entrega da memoria final do proxecto, aínda que xa a finais deste ano 2007 se entregará un primeiro informe cos mapas de situación das bacías piloto, os inventarios dos puntos de auga existentes e os resultados preliminares.



## MEDIO AMBIENTE INVESTIRÁ MÁIS DE 3 MILLÓNS DE EUROS NA DEPURADORA DE GANDARÍO, NO CONCELLO CORUÑÉS DE BERGONDO

- O Consello da Xunta autorizou hoxe a colaboración económica e técnica entre a Consellería de Medio Ambiente e o Concello de Bergondo para acometer o proxecto
- A EDAR ten un prazo de execución de 36 meses e dará servizo a unha poboación equivalente de 5.000 habitantes

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible investirá 3.038.309 euros na construción da estación depuradora de augas residuais (EDAR) en Gandarío, no concello coruñés de Bergondo. O Consello da Xunta autorizou hoxe a colaboración técnica e económica entre as administracións autonómica e local para executar este proxecto, que será financiado na súa totalidade pola Consellería, a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (EPOSH).

O proxecto ten un prazo de execución de 36 meses e incluírá a instalación dos colectores xerais de saneamento e a EDAR, que dará servizo a unha poboación equivalente de 5.000 habitantes. A obra financiarase en catro anualidades, correspondéndolle á deste ano un orzamento de 303.000 euros; 1.325.592 euros na de 2008; 1.300.000 euros con cargo aos orzamentos do 2009 e finalmente 99.716 euros no ano 2010.

As obras comprenden a execución de tres colectores xerais cunha lonxitude de 5.740 metros, que recollerán as verteduras das zonas de Bergondiño, Vilanova, Moruxo e Gandarío de arriba; así como a construción da nova EDAR, cun caudal de 438.000 metros cúbicos por ano, que se situará nunha parcela limítrofe cos terreos do albergue de Gandarío, xunto á condución de desague.



## A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E O CONCELLO DE SANTIAGO COLABORARÁN NA AMPLIACIÓN DO CENTRO DE RECOLLIDA DE ANIMAIS ABANDONADOS

A Consellería de Medio Ambiente e o Concello de Santiago de Compostela asinarán un convenio de colaboración para realizar as obras de ampliación do centro de recollida de animais vagabundos ou abandonados do municipio. A sinatura deste convenio foi autorizada hoxe polo Consello da Xunta e suporá un investimento de 180.000 euros por parte do departamento autonómico.

O convenio permitirá executar as obras de ampliación do centro, co fin de aumentar a súa capacidade e dar así resposta ao elevado número de animais de compañía abandonados que se recollen nestas instalacións. A Consellería de Medio Ambiente financiará esta actuación a través da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, mentres que o Concello de Santiago será o encargado da contratación das obras.

Os traballos de ampliación do centro suporán duplicar o número de cancelas existentes, dedicando unha parte delas a zona de illamento ou corentena. Así, o proxecto incluírá traballos de cimentación, rede de saneamento, estruturas, albanelaría, construción de cubertas, pavimentación e instalación de azulexos, traballos de fontanaría e carpintería, acristalamento, pintura e acabados, axardinamento da zona e instalación eléctrica. O convenio estará en vigor ata decembro do presente ano.



## A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE INVESTIRÁ 471.000 EUROS EN OBRAS HIDRÁULICAS EN NÚCLEOS RURAIS DOS CONCELLOS DE BAIONA E A GUARDA

- Na parroquia de Baredo, en Baiona, a Consellería realizará melloras no saneamento, cun orzamento de 278.124 euros
- As obras de abastecemento de auga en Camposancos, no concello da Guarda, suporán un investimento de 192.904 euros

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible investirá 471.000 euros en melloras nas infraestruturas hidráulicas dos núcleos rurais de Baredo, en Baiona e Camposancos, no Concello da Guarda, ambos na provincia de Pontevedra. O Consello da Xunta autorizou hoxe a colaboración técnica e económica para a execución das obras, que serán financiadas na súa totalidade pola Consellería, a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (EPOSH).

Na parroquia de Baredo, en Baiona, a Consellería de Medio Ambiente investirá 278.124 euros nas obras de saneamento, que dará servizo a unhas 110 vivendas. O proxecto, que ten un prazo de execución de tres meses, consistirá na colocación de 2.819 metros de tubo de PVC e os correspondentes pozos de rexistro e reposición de pavimentos afectados.

Así mesmo, a Consellería destinará 192.904 euros aos traballos de mellora do abastecemento de auga ao núcleo de Camposancos, no municipio da Guarda. A finalidade deste proxecto, que conta cun prazo de execución de catro meses, é garantir a dispoñibilidade de regulación da auga durante todo o ano, mediante a construción dun novo depósito conectado co xa existente.

O novo depósito terá 1.000 metros cúbicos de capacidade e contará coas conducións necesarias para a conexión co xa existente. O proxecto tamén prevé a construción dunha pequena estación de bombeo, desde a que se realizará a toma de auga e a impulsión.



## A XUNTA MELLORARÁ E AMPLIARÁ A REDE DE SANEAMENTO DA LOCALIDADE CORUÑESA DE NEDA

- Trátase de dúas actuacións, que suman un orzamento duns 200.000 euros e contan cun prazo de execución de seis meses cada unha, consistirán na ampliación dos bombeos e a construción de novos ramais

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, a través da Administración Hidráulica de Galicia, acometerá dúas actuacións que teñen por obxecto a mellora e ampliación dos servizos de saneamento no Concello de Neda, provincia da Coruña. Os proxectos, aprobados hoxe no consello da Xunta, suman un orzamento de 199.570,24 euros, que serán financiados na súa totalidade pola Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (Eposh).

Un dos proxectos consiste na construción de novos ramais para completar a rede de saneamento de augas residuais da zona comprendida desde O Puntal e a estación do ferrocarril. Deste xeito, atenderanse ás necesidades da zona, que experimentou un crecemento urbanístico notable. A obra conta cun orzamento de 98.601,68 euros e un prazo de execución de seis meses.

### Ampliación do bombeo

O outro proxecto aprobado hoxe no consello para mellorarán os servizos de saneamento de Neda ten por obxecto a ampliación do bombeo dende a estación de ferrocarril ata a estación de augas residuais (Edar), situada na parroquia de San Nicolás. A obra, que conta cun prazo de execución de 6 meses, permitirá resolver unha serie de deficiencias no saneamento da zona.

Así, en primeiro lugar, substituirase o actual bombeo, que se atopa nas inmediacións da estación de tren, e que está desbordado debido á incorporación de dous novos tramos de saneamento, executados anteriormente. O novo bombeo, á diferenza do actual que está situado en terreos de dominio público hidráulico marítimo terrestre, trasladarase a un lugar compatible coa construción do futuro paseo litoral. O proxecto completárase coa construción de novos colectores que recollerán as redes de saneamento existentes e as reconducirán á nova estación de bombeo, desde onde serán impulsadas a depuradora, que foi deseñada para absorber todas as augas do termo municipal.

O proxecto suporá un investimento de 100.968, 56 euros por parte da Consellería de Medio Ambiente, que se executarán con cargo aos orzamentos deste e do vindeiro ano da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, ao igual que no primeiro dos proxectos.



## O GOBERNO GALEGO ACOMETERÁ OBRAS DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO AOS NÚCLEOS DE BAÍÑAS E CAMBEDA, NO CONCELLO CORUÑÉS DE VIMIANZO, POR IMPORTE DE MÁIS DE 790.000 EUROS

- O proxecto prevé a construción de depuradoras de verteduras nos núcleos que non contan con este servizo e obras de mellora ambiental no contorno
- O Consello da Xunta autorizou hoxe a colaboración técnica e económica para realizar esta actuación, que ten un prazo de execución de nove meses

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible realizará un investimento de 790.257 euros para dotar de saneamento e abastecemento de auga aos núcleos de Baíña e Cambeda, no municipio coruñés de Vimianzo, que carecen deste servizo. O Consello da Xunta autorizou hoxe a colaboración técnica e económica entre a Consellería e o Concello para acometer o proxecto.

As obras, que teñen un prazo de execución de nove meses, incluírán o abastecemento, saneamento, depuración de augas residuais e mellora ambiental do entorno nestes dous núcleos do municipio de Vimianzo. O financiamento do proxecto será asumido na súa totalidade pola Consellería de Medio Ambiente, cunha partida de 290.257 euros con cargo aos orzamentos do presente ano e outra de 500.000 euros con cargo aos de 2008.

O proxecto recolle o saneamento e depuración de augas residuais nos lugares de Manlle, Santa Comba e O Val, mediante a instalación de conducións e dunha EDAR. Do mesmo xeito, instalarase unha EDAR para realizar o saneamento en Bribes e A Valiña e outra para realizar a depuración de augas no lugar do Magro. Entre as actuacións previstas tamén se inclúe o saneamento en Ogas-Cambeda e en Pasarela e a mellora ambiental do camiño a Noia en Baíñas.



## O PARQUE EMPRESARIAL DO VAL DA RABEDA, NA PROVINCIA DE OURENSE, POSIBILITARÁ A CREACIÓN DE MÁIS DE 2 MILLÓNS DE METROS CADRADOS DE SOLO INDUSTRIAL

- A actuación prevista no Val da Rabeda, localizado entre os termos municipais de Taboadela, Paderne e Allariz, suporá un investimento de 200 millóns de euros
- O Goberno galego aprobou, na súa xuntanza de hoxe, a redacción do Plan territorial integrado deste parque empresarial
- A súa proximidade co polígono de San Cibrao das Viñas converterán este contorno nun gran centro de actividade económica, xeradora de emprego e progreso nunha das áreas máis necesitadas de Galicia

O Consello da Xunta aprobou na súa xuntanza de hoxe o inicio do procedemento de elaboración, redacción e aprobación do Plan territorial integrado do Val da Rabeda, que é a figura urbanística acaída unha vez elaborado o Plan Director, tendo en conta que se trata dunha actuación que inclúe solo empresarial, construción de vivenda nova e rehabilitación.

O Goberno galego aprobou tamén a redacción e tramitación de dous proxectos sectoriais para o desenvolvemento das propostas do Plan Director: o Proxecto sectorial do campus industrial, situado en Paderne de Allariz, e o Proxecto sectorial do parque empresarial de nova creación (Val da Rabeda – Suroeste) situado en Taboadela.

### Posición xeoestratéxica

A Xunta considera que a situación xeoestratéxica do Val de Rabeda, nas proximidades de Ourense, no centro de gravidade das infraestruturas do transporte, a súa accesibilidade e facilidade de comunicación (estradas e ferrocarril) constitúe un territorio de oportunidade para o desenvolvemento dunha área empresarial potenciadora do interior de Galicia.

Deste xeito, apóstase por definir un parque empresarial cun modelo territorial de crecemento, respectuoso co ambiente e natural, que permita articular o territorio interior de Ourense.

A actuación prevista no Val da Rabeda, localizado entre os termos municipais de Taboadela, Paderne e Allariz, e para o que se prevé un investimento de 200 millóns de euros, implicará a creación inicial de 1 millón de metros cadrados de solo empresarial no parque empresarial de Taboadela e, no campus industrial que se construírá, albergará ás empresas adicadas ao sector téxtil e terá unha superficie bruta de 1 millón de metros cadrados.

A súa proximidade co polígono de San Cibrao das Viñas converterán este contorno nun gran centro de actividade económica, xeradora de emprego e progreso nunha das áreas máis necesitadas de Galicia.

O proxecto no Val da Rabeda desenvolverase baixo a responsabilidade de integrar todas estas actuacións no territorio, conservando e rehabilitando os núcleos de poboación e o entorno natural preexistentes.

O Plan Territorial Integrado, cuxa elaboración foi aprobada hoxe no Consello da Xunta, é un instrumento flexible que ten como función establecer o modelo territorial básico ao que debe tender a Comarca nun prazo de tempo determinado. No caso concreto do Val da Rabeda, o obxectivo é coordinar as actividades a levar a cabo nos distintos Concellos que integran o ámbito a partir dunha perspectiva supramunicipal, facendo posible un desenvolvemento global da comarca.

A actuación, polo tanto, vai máis alá da simple creación e produción de solo urbanizado para a actividade económica, e así planificaranse actuacións de rehabilitación e mellora dos núcleos tradicionais existentes co obxecto de mellorar a calidade de vida dos seus habitantes; xeraranse espazos públicos de calidade ambiental; planificaranse os modos de transportes para garantir a accesibilidade aos centros de traballo, baixo premisas de sustentabilidade territorial e ambiental.





## A CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO INVISTE 180.000 EUROS NA REPARACIÓN DA REDE DE SUMIDOIROS DUN EDIFICIO QUE ALBERGA OITO VIVENDAS PROTEXIDAS NO CONCELLO DA ESTRADA

- A conselleira informou hoxe ao Consello da Xunta da contratación das obras á empresa OBREAL S.L, polo procedemento de emerxencia
- A Consellería realizou varias inspeccións que constataron a rotura de canos e arquetas, dando lugar a unha situación que incumpre as normas mínimas hixiénico-sanitarias e de salubridade

A Consellería de Vivenda e Solo investirá 180.000 euros na reparación da rede de sumidoiros horizontais dun edificio que alberga oito vivendas protexidas no Concello da Estrada. Trátase dun inmovible ubicado nunha urbanización de 40 vivendas de promoción pública na Avenida de Pontevedra.

A Consellería de Vivenda e Solo informou hoxe ao Consello da Xunta da contratación das obras de reparación á empresa OBREAL S.L. polo procedemento de emerxencia, trala realización de varias inspeccións no edificio por parte de técnicos da Delegación Provincial de Pontevedra que constataron a urxencia das obras. A Consellería contactou con varias empresas da zona que pola súa experiencia se consideran especializadas nas obras a acometer, estando dispoñible para comezar as obras de xeito inmediato a empresa OBREAL S.L.

Tras varias reparacións puntuais de atasco das redes fecais do edificio os pasados meses de decembro de 2006 e abril de 2007, os técnicos da Consellería realizaron novas inspeccións comprobando que era necesaria unha reforma de maior calado para solventar definitivamente este problema que deteriora a calidade de vida dos veciños, incumprindo as normas mínimas hixiénico-sanitarias e de salubridade.

Para solventar esta situación, a Consellería de Vivenda e Solo iniciará de inmediato as obras de reparación no edificio de vivendas protexidas da Avenida de Pontevedra na Estrada, tal e como se informou ao Consello da Xunta na súa xuntanza de hoxe.